AXUDAS COMEDOR ESCOLAR CORONAVIRUS COVID-19

A Consellería de Educación convoca unha liña de axudas de carácter directo ás familias do alumnado beneficiario de bolsas de comedor escolar nos centros públicos non universitarios xestionados pola Consellería de Educación, Universidade e FP, durante a situación de suspensión do servizo de comedor como consecuencia do COVID-19 (ORDE do 27 de marzo 2020, DOG 30 de marzo de 2020).

- **A quen vai dirixida?**
  A usuarios de comedor que pagan 0€ ou 1€ polo servizo de comedor (empregarase a relación de alumnado con data 31 de xaneiro de 2020).

- **En que consiste a axuda?**
  No pago de: - 2,50 €/día, no casos de alumnado con gratuidade total
  - 1,50 €/día, para o alumnado que paga 1€

- **Que días cobre a axuda?**
  Dende o 16 de marzo ao 3 de abril (14 días)
  Prórroga: No caso de prolongarse a situación calcúlanse 14 días lectivos ata o 1 de maio.

- **Como se vai efectuar o pago?**
  A través de conta bancaria en 2 pagamentos:
  1º pagamento: polo período ata Semana Santa
  2º pagamento: polo período ata o 1 de maio, se houbese prórroga

- **Cando podo solicitala?**
  Dende o martes **31 de marzo** ata o luns **6 de abril**.

- **Como podo solicitala?**
  NUNCA de maneira presencial.

1. A través da **sede electrónica da Xunta de Galicia**, empregando o formulario dispoñible.
   É preciso dispoñer de chave 365 ou DNI dixital.

2. Se non podedes empregar esta vía, podedes solicitala a través **da Dirección do colexio**:
   - Enviando un correo electrónico ao colexio ceip.rubians@edu.xunta.es cos seguintes datos:
     - DNI do solicitante (pai, nai ou representante legal do alumno/a).
     - Pagamento: indicar se é beneficiario de gratuidade total ou abono de 1€.
     - Nome do alumnado usuario do servizo.
     - Nome do pai, nai ou representante legal do alumnado.
     - Número de conta bancaria.

   - Se non tedes correo electrónico chamade ao colexio para atopar unha solución.

NOTA: Pregamos que se realizades a solicitude a través da sede electrónica nolo comuniquedes ao centro para "despreocuparnos de vós".

NOTA: Pregamos que enviedes o correo electrónico ata o mércores 1 de abril para que nos dea tempo de xestionar a solicitude e de saber se alguén non recibiu a información.

- **Quen cobra a axuda no caso de familias separadas?**
  Aquel que teña a garda e custodia. No caso de que sexa compartida só se concederá a un deles.

- **Publicítase a resolución das familias beneficiadas?**
  NON, porque son datos de especial vulnerabilidade de acordo artigo 17 da Lei 1/2016, do 18de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

  Aclaración: cada familia saberá si é beneficiaria por ingreso de conta bancaria.

- **Canto tempo tarda en resolverse a resolución?**
  10 días dende que finalice o prazo de presentación de solicitudes.

- **Canto tempo tarda a Xunta de Galicia en aboar o pagamento?**
  5 días dende que salga a resolución.